

ADA NEGRI

# Luceiro da mañá

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

Nas profundidades do tempo, enxergo unha meniña. Descarnada, ergueita, áxil. Pero, a dicir verdade, non podo dicir como é o seu rostro, porque na casa desa nena só hai un espello ruín, quen sabe dende cantos anos atrás, salpicado de manchas negras e verdosas. Á pícara nunca se lle ocorre mirarse nel, así que máis tarde non terá memoria do seu rostro de entón.

A casa da nena é a portaría dun pazo fidalgo, nunha calella dunha pequena cidade lombarda.

No pazo só hai dous inquilinos que ocupan algunhas estancias do segundo andar: un vello e magro xubilado e a súa gobernanta, Tereson, unha anciá gorda que cambia de criada cada mes.

No resto das dependencias residen os propietarios, xente rica e nobre.

Cando tornan do seu paseo en carruaxe, cómpre espalancar a cancela do portón, e como a avoa, encargada da portaría, está demasiado feble por mor da idade, é a cativa de sete anos a que ten que facelo. Malia que nunca pensou que tal acto fose humillante para ela, tampouco non o fai de bo grado.

A avoa é moi velliña.

Calceta seguido, ao tempo que move decontino os beizos mentres pronuncia palabras silandeiras; son oracións. Non é boa nin mala. Non lle conta contos. Sente unha

extraordinaria indiferenza por todo. Corcovada, miúda, renga dende os primeiros anos da infancia, cunha cara de trazos tranquilos enmarcada por unha cofia negra que anoa debaixo do queixo, se lle sobrevén un malestar calquera ou algunha dor, só borboriña unha frase:

—Que sexa o que Deus queira.

A pesar da súa avanzada idade e os seus movementos tardos, os patróns mantéñena na portaría, pois leva máis de corenta anos ao servizo da familia. Podería retirarse e marchar cun seu fillo que é mestre de escola e vive con bastante largueza. Pero non quere: prefire traballar namentres poida, até o seu derradeiro suspiro.

De nova, foi a asistente de confianza de Giuditta Grisi<sup>2</sup>, a marabillosa contralto, irmá da tamén marabillosa soprano Giulietta Grisi. Seguiu-a fielmente por todos os escenarios; escoitou entre bambolinas as ovacións que o público lle dedicaba; viu como as multitudes enfebrecidas desenganchaban os cabalos da carruaxe da cantante nas portas dos teatros; custodiou nos cuartos das pousadas durante as longas viaxes en dilixencia bolsas repletas de alfaias e moedas de ouro, valiosos papeis, requintados vestidos; escoitou en silencio como a diva xuraba coma un demo nos momentos de rabuxa; vestiuna en silencio para saír a escena, mentres a cantante apertaba estoicamente un pano contra a boca para afogar os berros que lle arrincaba o seu mal: un mal uterino que non tiña tempo de curar.

Foi a ela a quen a diva, na súa noite de vodas cun magnífico patricio de Cremona, lle dixo dende a cama,

---

<sup>2</sup>Giuditta Grisi (Milán, 1805-Cremona, 1840) foi unha mezzosoprano que estudou en Milán e debutou en Viena. Cantou por toda Italia e fóra dela, malia que moi pronto comezou a sufrir problemas vocais e faleceu moi nova. En 1834 casou co conde Cristoforo Barni. A súa irmá foi a tamén célebre soprano Giulia Grisi (Milán, 1811-Berlín, 1869).

